

Recurso nº 11 /2018

Resolución Medida Cautelar nº 9 /2018

**RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 30 de abril de 2018

VISTA a **medida cautelar** instada por D. Manuel Duarte Garrido, actuando en nome e representación de COMPLEMENTOS POLICIALES, S.L. no seu escrito de interposición do recurso especial en materia de contratación interposto contra os pregos que rexen a contratación do Concello de Vigo dunha subministración de diversos elementos que conforman o vestuario para o persoal municipal dese concello, código 4799-440, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL, en diante), en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O recurso especial en materia de contratación presentouse o 7 de abril de 2018, a través do servizo postal de Correos, dirixido ao Concello de Vigo, órgano desta contratación, que lle dou entrada o 10 de abril, e o remitiu ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, onde se recibe en data 26 de abril.

O recurso ten por obxecto os pregos que rexen a contratación dunha subministración de diversos elementos que conforman o vestuario para o persoal municipal do Concello de Vigo. Nese escrito a recorrente solicita que se acorde a medida cautelar consistente en suspensión do procedemento licitador.



Segundo.- Non se lle deu traslado ao órgano de contratación do escrito de interposición do recurso especial porque a reclamante presentouno ante o Concello de Vigo e no informe do órgano de contratación remitido ao TACGAL en data 26 de abril de 2018 constan as alegacións do órgano de contratación, opoñéndose ás medidas cautelares.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A recorrente solicita a medida cautelar no seu escrito de interposición do recurso especial en materia de contratación, regulada no artigo 56.3 Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP, en adiante). Segundo o mesmo, se debería decidir sobre a mesma dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da interposición do recurso.

Segundo.- A competencia deste Tribunal para a adopción de decisións sobre a solicitude de medidas cautelares nos expedientes de contratación ven establecida no artigo 35.bis da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

En virtude da cal é competente para resolver esta solicitude de medida cautelar.

Terceiro.- A recorrente solicita a suspensión alegando que a continuación do procedemento sen a resolución do recurso, faría perder a súa finalidade ao mesmo e irrogaría prexuízos de moi difícil ou imposible reparación á recorrente pois non poderá tomar parte nel como licitadora .

Cuarto.- O órgano de contratación alega que a suspensión só é obrigada cando se impugna o acto de adxudicación, o que, unido a extemporaneidade do recurso, fai improcedente a adopción da medida cautelar de suspensión.

Quinto.- O artigo 49 LCSP dispón que as persoas lexitimadas poden solicitar ante o órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Engade que tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados, e poderán estar incluídas, entre elas, as destinadas a suspender ou a facer que se suspenda o



procedemento de adxudicación do contrato en cuestión ou a execución de calquera decisión adoptada polos órganos de contratación.

O artigo 2.5 da Directiva 2007/66/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2007, pola que se modificaron as Directivas 89/665/CE e 92/13/CEE do Consello, dispón que *“os Estados membros poderán dispor que o órgano responsable dos procedementos de recurso estea facultado para ter en conta as consecuencias probables das medidas provisionais para todos os intereses que poidan verse prexudicados, así como para o interese xeral, e para decidir non conceder tales medidas si as súas consecuencias negativas puidesen superar as súas vantaxes”*.

En tales Directivas o recurso especial en materia de contratación se concibe como instrumento dotado das notas de axilidade e eficacia para garantir o cumprimento da lexislación sobre contratos públicos e a corrección das posibles infraccións dos poderes adxudicadores nunha etapa na que estas poden aínda ser corrixidas.

En virtude do dito, analizados os intereses en conflito, e dada a finalidade de asegurar o efecto útil do recurso, procede acoller a medida cautelar.

Sexto.- O apartado 4 de tal artigo 49 recolle que salvo que o órgano competente acorde o contrario, a suspensión do procedemento que se poida acordar preventivamente non afectará o prazo concedido para a presentación de ofertas ou proposicións por parte dos interesados.

No presente caso non se acorda a afectación ao prazo concedido para a presentación de ofertas ou proposicións por parte dos interesados.

Polo exposto, vistos os preceptos legais de aplicación e, en concreto de conformidade co establecido nos artigos 49 e 56 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e do artigo 25 do Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, aprobado polo Real Decreto 814/2015, do 11 de setembro, este Tribunal



RESOLVE

Adoptar a medida cautelar de suspensión do procedemento de contratación dunha subministración de diversos elementos que conforman o vestiario para o persoal municipal do Concello de Vigo, código 4799-440.

Contra a presente resolución non cabe recurso ningún, sen prexuízo do que proceda contra a resolución que se dite no procedemento principal de recurso.

O PRESIDENTE, Santiago Valencia Vila. A VOGAL-SECRETARIA, Ana de Frutos Martínez. O VOGAL, Tomás Otero Ferreiro.

